



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATORCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000030

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta e oito minutos do día catorce de setembro de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 496 de data 13 de setembro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Benito Manuel Vega Fernández. Non asiste por causas xustificadas dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, asistindo ademais, a interventora municipal, dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 07.09.23 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 07.09.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- RESERVA DE VÍA PÚBLICA PASO PERMANENTE INSTADA POR [REDACTED] AUTORIZACIÓN Nº 49.-

“En data 26/07/2023, rexistrase co número 20230000002358, escrito presentado por [REDACTED] co DNI [REDACTED] solicitando vado para a finca da súa propiedade ubicada en Lugar Cantodomuro, 34 – Meirás (Valdoviño).

Vista a documentación recopilada coa solicitude entre o que consta informe do Oficial da Policía Local data do 7 de setembro 2023, no que relata:

“Que practicadas las correspondientes comprobaciones, resulta que el inmueble que se localiza en Lg. Cantodomuro, 34 – Meirás (Valdoviño), y que se identifica con el número de referencia catastral 001203400NJ62F0001KO, tiene acceso rodado hacia el interior del mismo, desde el vial de titularidad municipal que se denomina Travesía de Taraza y que se identifica en el inventario de viales con el número de activo 1C.3.0180.

El espacio de reserva de vía pública para paso permanente de acceso a la finca que se identifica con el número 34 del lugar de Cantodomuro – Meirás (Valdoviño), será de cuatro metros, (frente al vial de titularidad municipal que se identifica con el número de activo 1C.3.0180).

Por parte del Oficial de la Policía Local que suscribe, referente a normas de tráfico, no se aprecia impedimento a la concesión de la autorización solicitada.

Se adjuntan dos fotografías y planos de situación.”

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivienda unifamiliar.-

- 55 Señalización:- 1.- Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o solicitante [REDACTED] co DNI [REDACTED] outorgando autorización de paso permanente de acceso á finca ubicada en Lugar de Cantodomuro, 34 – Meirás, termo municipal de Valdoviño; **-AUTORIZACIÓN NÚM. 49 nos términos sinalados no informe policial e** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

Segundo.- Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de catorce euros con setenta e seis

céntimos (14,76 €); cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

Terceiro.- Expedir o correspondente documento de autorización municipal; notificando o acordado á Policía Local para os efectos oportunos, así como ao interesado.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/V008/000007).

3º.- EXPEDIENTE RESOLUCIÓN CONTRATO OBRAS: “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE OBRAS EN FACHADA E CARPINTERIAS EN CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO”.-

Expediente: 2023/C008/000003

Asunto: Resolución de contrato de obras: “Proxecto básico e de execución de obras en fachada e carpinterias en Centro de Saúde de Valdoviño”

Empresa adjudicataria: Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 3 de agosto de 2023, adoptou acordo do seguinte contido:

“Con expediente de referencia 2023/C008/000003, tramitase expediente de resolución do contrato de obras, de denominación referida no encabezamento (Expte. Contrato obras: 2021/C003/000006).

Visto informe de non comezo das obras, a Xunta de goberno Local (como órgano de contratación) acordou iniciar procedemento de resolución do contrato, deuse audiencia ao contratista e ao avalista e emitíronse os correspondentes informes de secretaría e da intervención municipal.

A empresa contratista presentou alegacións, con oposición á resolución do dito contrato.

Remitiuse expediente para informe preceptivo ao Consello Consultivo de Galicia, tendo entrada o 4.05.23.

En data 24.05.23 o Consello Consultivo de Galicia procede á devolución do expediente, indicando debe efectuar o Concello unha proposta de resolución e solicita documentación; concedendo ao Concello un prazo de 2 meses, a contar dende a recepción do presente acordo (ata o 24.07.23).

A Xunta de Goberno Local de Valdoviño en sesión de oito de xuño de 2023, acorda atender o requerimento efectuado polo Consello Consultivo de Galicia de data 24.05.23, realizar proposta de resolución por incumprimento culpable do contratista, solicitando a tal efecto ditame do Consello Consultivo de Galicia e suspender o prazo a que se refire o artigo 212.8º da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En data 7.07.2023, remítase ao Consello Consultivo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 8.06.23 e a documentación complementaria que nos solicitan en escrito de 24.05.23.

En data 31.07.23 recibese do Consello Consultivo de Galicia certificado do ditame 156/2023, no que indican a caducidade do expediente, baseado en sentenzas que consideran non aplicable para a resolución contractual das entidades locais o artigo 212.8 LCSP que dispón: “Los expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos no prazo máximo de oito meses”.; e entende baseado en ditames e ante a falta de carácter básico do citado artigo e a ausencia de previsión autonómica reguladora do prazo resolver, que procede o prazo de TRES MESES, previsto no artigo 23.1 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de LPAC.

En base ao exposto, esta Alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local, **ACORDA**, a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro.- Tomada razón o ditame do Consello Consultivo, declarar a caducidade do expediente.

Segundo.- Notificar este acordo de caducidade ao contratista e ao avalista; dándolle tamén traslado do ditame do CCG”.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 10 de agosto de 2023, adoptou acordo do seguinte contido:

“...

En data 3 de agosto de 2023 Esta Alcaldía, en uso das atribucións que ten conferidas por Lei, en base aos antecedentes do expediente e vista a caducidade do mesmo, PROPÓN á Xunta de Goberno Local, adoptar os seguintes ACORDA:

Primeiro.- Iniciar un novo procedemento ao que, por razóns de economía procedemental e conforme ao principio de conservación de actos e trámites poderán incorporarse os actos e trámites cuxo contido se mantería igual de non terse producido a caducidade, debendo contar o novo procedemento coas garantías de contradición (artigo 95.3 da LPAC).

Segundo.- Dar audiencia as partes interesadas (contratista e avalista), mantendo os informes que lles foron facilitados en anteriores prazos de audiencia polo prazo de DEZ DIAS NATURAIS para que en dito prazo contados os días a partir da presente comunicación poidan presentar alegacións”

Visto que no devandito prazo de 10 días naturais que comezou o 29 de agosto de 2023 (número de rexistro de saída 20230000001472), non se recibe ningunha alegación.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que ten conferidas por Lei, en base aos antecedentes do expediente, PROPÓN á Xunta de Goberno Local, adoptar os seguintes ACORDA:

Primeiro.- Realizar proposta de resolución por incumprimento culpable do contratista por afectar a obrigas de carácter esencial que afectaron a execución do contrato, e solicitar para tal efecto ditame do Consello Consultivo de Galicia ao abeiro do establecido no artigo 191.3º a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e do artigo 12

da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, dando traslado das actuacións practicadas para tal efecto.

Segundo.- Suspender o prazo ao que se refire o artigo 212.8º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público en atento se procede á emisión do perceptivo ditame do Consello Consultivo de Galicia conforme ao artigo 22.1º.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Terceiro.- Recibido o ditame do Consello Consultivo de Galicia, e con ocasión do acordo adoptar poñendo fin ao expediente de resolución contractual, dar inicio a peza separada contradictoria na que se calculen os posibles danos e prexuízos que excedan do importe da garantía definitiva, á súa incautación, así como en función do establecido no artigo 71 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como segunda peza separada sobre a incursión en prohibición para contratar pola empresa adxudicataria, extensión no tempo e alcance.

Tolo elo sen prexuízo de que o órgano de contratación en tanto se resolve o procedemento principal por incumprimento poda dar inicio as actuacións de nova licitación suxeita na súa adxudicación á resolución do contrato para o que en primeiro lugar dirimirase as partidas que serán executadas en tanto se tramita a resolución do contrato e a nova licitación (por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído) ao abeiro do establecido no artigo 213.6º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución á empresa contratista, entidades avalistas e dirección de obra

Non obstante, a Xunta de Goberno, resolverá o que considere máis convinte.

/Documento asinado electrónicamente polo sr. Alcalde na data da sinatura/.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/C008/000003).

4º.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 4 DA OBRA “ REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA”, AGADER 2022-2023

PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

“Proposta de aprobación da Certificación de Obra núm. 4 da Obra REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA da Convocatoria Plan de Mellora de Camiños Municipais 2022 – 2023 (MR701E), asinada polo Director de Obra e polo contratista en data 19 de xuño do 2023 por importe de CORENTA MIL OITOCENTOS SESENTA E TRES CON SETE CÉNTIMOS (40.863,07 €) e presentada ante o Concello de Valdoviño na mesma data con número de rexistro 202399900000998.

Proposta de aprobación da factura A 2023035 referida á Certificación de Obra núm. 4 do REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA da Convocatoria Plan de Mellora de Camiños Municipais 2022 – 2023 (MR701E) que foi presentada na Plataforma de Facturación FACE o 19 de xuño do 2023 pola empresa

adxudicataria Excavaciones Saavedra y López S.L. con C.I.F. núm. B15164106 por importe de CORENTA MIL OITOCENTOS SESENTA E TRES CON SETE CÉNTIMOS (40.863,07 €) e aprobada polo Concelleiro de Servizos en data 17 de xullo do 2023.

Visto o Informe emitido pola intervención municipal en data 25 de agosto do 2023 (Desfavorable n.º 34/2023 -EMP 89/2023-) cuxo resultado de fiscalización é (...) desfavorable, polos motivos expostos no presente informe:

- incumprimento do prazo de execución, arts. 29.3 e 192 e seguintes da LCSP.

Conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía **PROPÓN** a adopción do seguinte acordo;

Primeiro.- Aprobar a Certificación de Obra núm. 4 do REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA da Convocatoria Plan de Mellora de Camiños Municipais 2022 – 2023 (MR701E), asinada polo Director de Obra e polo contratista en data 19 de xuño do 2023 por importe de CORENTA MIL OITOCENTOS SESENTA E TRES CON SETE CÉNTIMOS (40.863,07 €).

Segundo.- Aprobar a correspondente factura A 2023035 referida á Certificación de Obra núm. 4 do REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA da Convocatoria Plan de Mellora de Camiños Municipais 2022 – 2023 (MR701E) que foi presentada na Plataforma de Facturación FACe o 19 de xuño do 2023 pola empresa adxudicataria Excavaciones Saavedra y López S.L. con C.I.F. núm. B15164106 por importe de CORENTA MIL OITOCENTOS SESENTA E TRES CON SETE CÉNTIMOS (40.863,07 €) e aprobada polo Concelleiro de Servizos en data 17 de xullo do 2023.

Terceiro.- Consta oficio do Xulgado Primeira Instancia n.º 5 de Ferrol con número de rexistro de entrada no Concello de Valdoviño 202300000002555 en data 22 de agosto do 2023 poñendo en coñecemento da entidade local que (...) foi decretado embargo sobre as cantidades que por calquera concepto teña pendentes de pago a favor do executado, Excavaciones Saavedra y López S.L. con C.I.F. núm. B15164106, en canto fora suficiente a cubrir o importe das responsabilidades reclamadas e que a continuación se indican: 9.700,82 euros en concepto de principal, máis outros 2.910,24 euros que se fixan provisionalmente en concepto de intereses que, no seu caso, poidan devengarse durante a execución e as costas desta, sin prexuízo da súa posterior liquidación. (...)

En data 24 de agosto do 2023, o Tesoureiro accidental emite informe facendo constar o embargo emitido polo Xulgado Primeira Instancia n.º 5 de Ferrol contra Excavaciones Saavedra y López S.L. con C.I.F. núm. B15164106 a efectos de constancia no momento do pago material da factura A 2023035 de data 19 de xuño do 2023.

Cuarto.- Consta solicitude de cesión de crédito da factura A 2023035 referida á Certificación de Obra núm. 4 do REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA presentada por Excavaciones Saavedra y López S.L. con C.I.F. núm. B15164106, cuxo importe ascende a CORENTA MIL OITOCENTOS SESENTA E TRES CON SETE CÉNTIMOS (40.863,07 €), a favor de Banco Sabadell S.A. con C.I.F. A08000143. Vista a toma de razón da referida documentación para verificar o cumprimento dos requisitos establecidos na Base 21 Ordenación do pagamento,

apartado a) Requisitos para efectuar unha cesión dos dereitos de cobro de certificacións e facturas das BEO do Concello de Valdoviño para o ano 2023, aceptar a cesión do crédito a favor de Banco Sabadell S.A. con C.I.F. A08000143.

Quinto.- Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordear o pago dos impostos citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do Presuposto de Execución Material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da Certificación de Obra núm. 4 do REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA da Convocatoria Plan de Mellora de Camiños Municipais 2022 – 2023 (MR701E), deberán descontárselle 959,46 € pola dirección e inspección de obra e 319,82 € respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2022/C003/000001).

5º.- - ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/